



Non sempre é fácil a instalación do ascensor, pero hai tipos que se poden adecuar aos espazos que temos; con paredes de vidro deixa pasar a luz natural.

Os ascensores

67. Son necesarios?

Os edificios dos núcleos e cidades históricas non adoitan ser moi altos e acostuman ter tres ou catro plantas de altura como máximo. Por isto, o uso do ascensor nestes edificios non está moi estendido. Aínda así, por moitos motivos, os ascensores son cada vez máis solicitados cando se reforma un edificio.

68. Pódense instalar?

En xeral, non existe ningún problema para instalar un ascensor nos edificios de construción tradicional. Porén, debemos elixir moi ben o seu emprazamento. En moitos edificios a escaleira é un espazo de iluminación e ventilación e acostuma ser o elemento que mellor caracteriza algunhas das arquitecturas que queremos conservar. Por isto, o ascensor non ten por que estar, como nos edificios modernos, no espazo que deixa o oco da escaleira.

69. Como?

Para a instalación do ascensor, á parte do acordo dos veciños, requírese un proxecto técnico e a participación dunha empresa especializada que deberá homologar a instalación. Podemos atopar un espazo que sirva a todas as vivendas sen deteriorar o edificio, e asumindo a pequena perda do necesario espazo en cada vivenda para instalar o que non é máis que un "tubo gordo", como unha mellora da habitabilidade e das condicións de uso do edificio.